

Texto: **ISABEL MINHÓS MARTINS**

Ilustracións: **YARA KONO**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

32 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "Ovelliña, dáme-la"

Demademora. ISBN 978-84-8464-688-4

-Castelán: "Ovejita, dame lana"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-15-4

-Portugués: "Ovelhinha, da-me-la"

Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-34-6

Prezo: 13 €



## OVELLIÑA, DÁME LA

**MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO NO I PREMIO INTERNACIONAL 'COMPOSTELA' DE ÁLBUMS ILUSTRADOS**

–Ovelliña, dáme-la.

–Para que queres a miña-la?

–Para facer un xersei e ficar ben abrigado.

Se tapo ben a barriga non estarei constipado.

Un texto rimado para primeiros lectores, de estrutura encadeada, repetitiva e acumulativa; un recurso empregado nos contos de tradición oral. Un relato de inverno, para combater o frío.

**ISABEL MINHÓS MARTINS** (Lisboa, 1974)

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Traballou nunha axencia de comunicación pedagóxica realizando proxectos educativos. Fundou o estudo Planeta Tangerina, no que desenvolveu textos para revistas infantís, guións de cómic, películas de animación e contidos para servizos educativos e museos, entre outras iniciativas. Planeta Tangerina converteuse en editorial, onde publicou varios libros da súa autoría. En 2007 participou na colección "Era uma vez uma maravilha" sobre a elección das sete maravillas de Portugal.

**YARA KONO** (Sao Paulo, 1972)

Estudou Farmacia e Bioquímica na Universidade de Sao Paulo, pero as súas maiores aficións eran a ilustración e o deseño. Logo de licenciarse, fixo un curso de Deseño e Comunicación na Escola Panamericana de Arte, en Sao Paulo, faceta á que se acabou adicando profesionalmente. En 2000 trasladouse a Xapón cunha bolsa académica do

Centro de Deseño Yamanashi. Dende 2001 reside en Portugal, onde traballa como deseñadora gráfica; nos últimos catro anos, en Planeta Tangerina. Realizou varios proxectos de ilustración para a Revista Batatoon e a Cámara Municipal de Cascais.

- **Temática:** texto rimado de estrutura repetitiva
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de deseño sinxelo e elegante, mestura de detallismo e estilo esquemático; tonalidades suaves, contraste cromático
- **Aplicacións:** oralidade, animais domésticos; diálogo dialéctico; compartir; transformación das materias primas noutros elementos útiles; as estacións do ano, o tempo meteorolóxico

